



BASES LEGAIS DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO “CREA NA CASA”

1.- EMPRESA ORGANIZADORA DA PROMOCIÓN

A entidade Xunta de Galicia, Política Social con domicilio en RÚA DE SAN CAETANO, S/N - EDIF. ADMINISTRATIVO, BL5 PLT 3 Santiago de Compostela (A Coruña) e número identificativo S1511001 H organiza con fins promocionais o concurso de ámbito autonómico, a desenvolver a través de Internet, exclusivo para usuarios residentes en Galicia entre 16 e 30 anos de acordo co disposto no apartado de condicións para participar.

2.- DATA DE INICIO E DATA DE FINALIZACIÓN

O concurso iniciarase o día 13 de abril de 2020 e finalizará o día 27 de abril de 2020.

Presentación de propostas do día 13 ao 22 de abril. Período de votacións do 23 ao 27 de abril.

3.- REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DA PROMOCIÓN

Os requisitos de participación serán os seguintes:

- Poderán participar aquelas persoas que residan en Galicia e teñan entre 16 e 30 anos.
- As persoas participantes deben ser seguidores de [@Xuventudegalicia](#)
- Só se poderá participar unha vez por persoa.

A mecánica do concurso consiste en que as persoas participantes **publiquen unha fotografía que mostre a creatividade na casa durante estes días de confinamento** (pratos de cociña, música, baile, etc... calquera disciplina pero mostrada a través dunha fotografía) **no seu perfil de Instagram** (no feed, non vale stories) **mencionando a [@xuventudegalicia](#) no pé da foto e usando o hashtag #creanacasa**. Prazo para subir a fotografía: do 13 ao 22 de abril.

O gañador ou gañadora elixirase por votación a través da aplicación EasyPromos. Facilitarase unha URL na canle de [@Xuventudegalicia](#) na se poderán facer as votacións entre o 23 e o 27 de abril. A imaxe máis votada corresponderá é persoa gañadora dun teléfono Xiaomi Redmi Note 8T.

4.- CONDICIÓN DA PROMOCIÓN E PREMIOS



Elixirase 1 gañador e 3 suplentes, mediante votación a través da plataforma Easypromos.

A selección do gañador ou gañadora e suplentes realizarase de forma de votación a través da plataforma Easypromos. Easypromos é unha plataforma que garante a transparencia do resultado do concurso e como proba diso emite un certificado de validez para cada un dos seus concurso, cuxo resultado é inalterable polo organizador do concurso, e que calquera usuario participante pode solicitar ao organizador.

O gañador ou gañadora obterá como premio un teléfono Xiaomi Redmi Note 8T.

Xunta de Galicia- Política Social dispón dun prazo máximo de dous meses para a entrega do devandito premio, que se realizará mediante correo postal.

5.- LIMITACIÓNS

Se se evidenciase que calquera dos participantes non cumpre cos requisitos esixidos nas bases, ou os datos proporcionados para participar non fosen válidos, a súa participación considerarase nula e quedarán automaticamente excluídos do concurso, perdendo todo dereito sobre os premios outorgados en virtude deste concurso.

Non poderán participar no concurso as seguintes persoas: Os traballadores por conta allea empregados en calquera das sociedades e outras entidades con personalidade xurídica vinculadas a Xunta de Galicia. Calquera outra persoa física que participase directa ou indirectamente na organización deste concurso ou estea involucrado directa ou indirectamente na súa preparación ou desenvolvemento (axencia, provedores, etc.).

O premio entregado non será transferible nin susceptible de cambios, alteracións ou compensacións a pedimento dos Participantes, non podendo ser trocado por calquera outro produto nin por diñeiro.

Xunta de Galicia-Política Social resérvase o dereito, se concorre xusta causa e previa comunicación en legal forma, de efectuar calquera cambio, suspender ou ampliar este concurso.

Correrán a conta e cargo do gañador ou gañadora calquera carga fiscal ou tributaria que a aceptación do premio puidese supoñerlle, así como calquera outro gasto derivado da promoción que non estea expresamente asumido por Xunta de Galicia- Política Social nas presentes bases legais.

Establécese un prazo de QUINCE (15) días naturais desde a data da concesión do premio, para efectuar calquera reclamación motivada. Xunta de





Galicia- Política Social resérvase, en caso de obrigada necesidade, o dereito de substituír o premio por outro de similares características.

Xunta de Galicia- Política Social reservase a elección da data de entrega do premio. O gañador ou gañadora dispón de QUINCE (15) días naturais desde a data na que se lle comunique que é o/a agraciado/a para facilitar os datos necesarios para o envío do premio. Unha vez superado ese tempo a Xunta de Galicia- Política Social resérvase o dereito de entregar ao premio á persoa suplente.

6.- PUBLICACIÓN DE COMENTARIOS OU OPINIÓNS

Non se permitirán comentarios ou opinións cuxo contido se considere inadecuado, que sexan ofensivos, injuriosos ou discriminatorios ou que puidesen vulnerar dereitos de terceiros. Tampouco se permitirán comentarios contra un particular que vulneren os principios de dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. Xunta de Galicia – Política Social non se responsabiliza dos danos ocasionados polos comentarios que fagan os participantes na promoción, e que en calquera momento puidesen ferir a sensibilidade doutros participantes.

7.- EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE

A título enunciativo, pero non limitativo, Xunta de Galicia – Política Social non se responsabiliza das posibles perdas, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros que poidan afectar o desenvolvemento da presente promoción, así como tampouco de responsabiliza do uso que faga o participante respecto do premio que obteña desta promoción, e non asume responsabilidade algunha por ningún dano ou prexuízo de calquera tipo que puideren sufrir os participantes, gañador ou terceiros.

A Xunta de Galicia non asume a responsabilidade en casos de forza maior ou caso fortuíto que puidesen impedir a realización do concurso ou o goce total ou parcial do premio. No caso de que esta promoción non puidese realizarse, ben por fraudes detectadas na mesma, erros técnicos, ou calquera outro motivo que non estea baixo o control de Xunta de Galicia- Política Social e que afecte ao normal desenvolvemento do concurso, reservámonos o dereito para cancelar, modificar, ou suspender a mesma, incluíndo a páxina web de participación.

A Xunta de Galicia- Consellería de Política Social quedará eximida de calquera responsabilidade do plaxio ou de transgresión da lexislación vixente que en materia de propiedade intelectual puidesen incorrer as persoas participantes.





8.- INSTAGRAM

A promoción non está patrocinada, avalada, administrada nin asociada de ningún xeito a Instagram polo que os participantes liberan a Instagram de toda responsabilidade polos eventuais danos que se deriven da mesma.

9.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

A entidade Xunta de Galicia, Política Social con domicilio en RÚA DE SAN CAETANO, S/n - EDIF. ADMINISTRATIVO, BL 5 PLT 3 Santiago de Compostela

(A Coruña) e número identificativo S1511001 H, cumpre estritamente coa protección da súa privacidade e dos teus datos persoais. Por tanto, a túa información persoal consérvase de forma segura e trátase co máximo coidado. De conformidade co establecido na normativa aplicable en materia de protección de datos, e concretamente no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, cada Participante, coa aceptación destas Bases Legais consente que os datos persoais facilitados para a participación neste concurso sexan incorporados a un ficheiro titularidade de Xunta de Galicia, Política Social para tramitar a participación no concurso e para comunicarlle o premio no caso de que resultase gañador ou gañadora. Informámoslle de que os seus datos persoais de contacto serán utilizados para as seguintes finalidades:

Información básica sobre protección de datos:

Responsable: Xunta de Galicia, Política Social Finalidade: Xestión da participación nesta actuación e remisión por Xunta de Galicia, Política Social de comunicacións comerciais sobre produtos, actividades, servizos e accións de Xunta de Galicia, Política Social por medios de comunicación electrónica ou outros medios. Destinatarios: Non se cederán datos a terceiros, salvo obrigación legal. Tampouco se realizarán transferencias internacionais de datos. Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como solicitar en determinadas circunstancias a limitación, a súa portabilidade e oposición dos seus datos persoais, así como notificar á autoridade de control española (AEPD) no caso de que entenda que se vulneraron os seus dereitos de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos. Información adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na nosa páxina web <https://www.xunta.gal/politica-social> na ligazón da política de privacidade que atopará ao pé da web.

Os participantes garanten que os datos persoais facilitados son veraces e fanse responsables de comunicar a Xunta de Galicia, Política Social, calquera modificación dos mesmos. Xunta de Galicia, Política Social resérvase o dereito para excluír da presente promoción a todo participante que facilite datos



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado



falsos. Recoméndase ter a máxima dilixencia en materia de Protección de Datos mediante a utilización de ferramentas de seguridade, non podéndose responsabilizar a Xunta de Galicia, Política Social de subtraccións, modificacións ou perdas de datos ilícitas.

Os participantes teñen dereito a (I) acceder aos seus datos persoais, así como a (II) solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión, (III) solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, (IV) opoñerse ao tratamento dos seus datos e (V) solicitar a súa portabilidade. Os participantes poden exercer todos estes dereitos na seguinte dirección de email xuventude@xunta.es indicando, o motivo da súa petición.

Os participantes poden tamén, enviar a súa petición por correo ordinario á seguinte dirección: A entidade Xunta de Galicia, Política Social con domicilio en RÚA DE SAN CAETANO, S/N - EDIF. ADMINISTRATIVO, BL 5 PLT 3 Santiago de Compostela (A Coruña)) e número identificativo S1511001 H. Sen prexuízo de calquera outro recurso administrativo ou acción xudicial, o participante terá dereito a presentar unha reclamación ante unha Autoridade de Control, en particular na Comunidade Autónoma no que teña a súa residencia habitual, lugar de traballo ou lugar da suposta infracción, no caso de que considere que o tratamento dos seus datos persoais non é adecuado á normativa, así como no caso de non ver satisfeito o exercicio dos seus dereitos.

A Autoridade de Control ante a que se presentou a reclamación informará ao reclamante sobre o curso e o resultado da reclamación.

Para máis información, podes consultar a política de privacidade de Xunta de Galicia, Política Social a través da seguinte ligazón:

<https://politicassocial.xunta.gal/gl/aviso-legal>

CAMBIOS

Reservámonos o dereito de modificar ou ampliar estas bases promocionais, na medida que non prexudique ou menoscabe os dereitos dos participantes no concurso.

11.- LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICCIÓN

Estas bases legais rexeranse de conformidade coa lei española. Serán competentes para resolver calquera reclamación ou controversia que puidese exporse en relación coa validez, interpretación ou cumprimento destas bases os Xulgados e Tribunais da cidade da Coruña.

12. MODO DE ACEPTACIÓN DAS BASES LEGAIS

A simple participación no concurso por medio de publicación de contido usando o hashtag da campaña e mención á marca, implica a aceptación da totalidade das presentes bases.

